

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	CARBALLO
Edificio	Igrexa de San Cristovo de Lema
Dirección	Lugar da Igrexa, 34. 15105
	43.283360 -8.667708
Protección	
Descrición	<p>Trátase dunha igrexa que posúe unha planta rectangular, cunha nave e presbiterio; este último separado da nave principal por un arco triunfal sustentado por dúas columnas con capiteis historiados e, apegado o seu muro sur a sancristía. A estrutura da cuberta é a dúas augas, cunha cubrición de tella curva do país. O interior, de escasa ornamentación, cóbrese cunha bóveda rebaixada de cemento.</p> <p>En canto a fachada, de forma pentagonal e dende un eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, mediante unha porta rectangular adovelada, con decoración de molduras e friso sobre lintel. Sobre o ingreso vai unha pequena fornela con forma de vieira que acolle á figura pétrea de San Cristovo, enriba desta un pequeno óculo que ilumina o coro.</p> <p>Rompendo o vértice da fachada unha base para unha espadana de dous corpos composto de dous arcos de medio punto sobre piares moldurados que serven pra aloxa-las campás. O segundo corpo descansa sobre unha cornixa, rematado por un frontón triangular moi moldurado no que se abre un arco de medio punto flanqueado por dous pináculos con bóla e todo o conxunto está coroado por unha cruz octogonal de pedra. O acceso ó campanario efectúase a través dunhas escaleiras interiores das cais, o derradeiro tramo discorre polo penal da cuberta.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé
Data	14-11-2019

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Campá pequena (1)	BLANCO, FRANCISCO ANTONIO (VALLE DE HOZ)	1756	47	60

Espadana	Campá grande (2)	HONTAÑÓN HAZA, PEDRO (1795-1876)	1832	56	102
----------	----------------------------------	--	------	----	-----

Información completa: [Igrexa de San Cristovo de Lema - CARBALLO \(GALICIA\)](#)

PDF (14-06-2026)